



NOTA INFORMATIVA DAS ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar: profesorado, alumnado, pais e nais, e persoal de administración e servizos.

As eleccións para a renovación da metade dos membros do Consello Escolar son cada dous anos, polo que corresponde realizalas neste curso 2024/25.

En cada elección renóvanse os membros non elixidos no proceso electoral anterior. Ademais poden cubrirse as vacantes que existan nese momento (porque as persoas elixidas na última renovación xa non formen parte do Instituto ou por calquera outra razón). Este curso corresponde realizar ese proceso e con esa finalidade convócanse eleccións. As datas de celebración das mesmas están fixadas na Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG 180, do 18 de setembro de 2024). Neste centro cómpre realizar a renovación dos seguintes membros do consello Escolar:

- Representantes do profesorado: 4 persoas.
- Representantes do alumnado: 2 persoas.
- Representantes dos pais e nais: 1 persoa.

A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral, que se constituirá en cada centro, e que estará integrada polo director ou directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos e un alumno ou alumna de educación secundaria; designados os catro últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes. O sorteo realizouse o **venres 18 de outubro de 2024**, ás 11 horas.

As persoas que desexen presentar a súa candidatura deben facelo na Secretaría do centro, do 30 de outubro ao 11 de novembro (ambos os dous inclusive), entre as 9 e as 14 horas, cubrindo o impreso que a tal efecto se lles facilitará na mesma oficina. No caso de que algún pai ou nai desexe presentar a súa candidatura e non poida acudir nas horas indicadas á secretaría do centro, pode realizar a súa inscrición poñéndose en contacto coa directora no teléfono 886120012. **No caso dos pais e nais poden votar os dous.** Para poder exercer o dereito ao voto débese comprobar previamente a inclusión no censo electoral, as listas estarán expostas na secretaría do instituto desde o martes día 29 de outubro. O prazo de reclamacións á proclamación das candidaturas é o 13 e 14 de novembro. No momento do voto os pais e nais deben presentar o DNI ou outro documento acreditativo (por exemplo, carné de conducir).

Día da votación das familias: xoves 21 de novembro, entre as 19:00 e as 20:30 horas.